



AYUNTAMIENTO
DE
CARBALLEDA DE VALDEORRAS
(OURENSE)

BANDO

Núm.

D^a. MARÍA CARMEN GONZÁLEZ QUINTELA, ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS (OURENSE).

En cumprimentación do establecido no artigo 21.1.e) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

FAGO SABER

1º.- Que de conformidade co contido da Resolución do 12 de marzo de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, no que se adoptaron medidas preventivas en material de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do CORONAVIRUS COVID-19, decretouse con data 13 de marzo de 2020, con comunicación aos pais afectados, a **suspensión da actividade no Punto de Atención á Infancia en Sobradelo**; comunicándose tamén aos alumnos integrantes do Obradoiro de Emprego, a través da profesora encargada do Obradoiro, a suspensión da actividade formativa, incluída a suspensión das prácticas; e, na mesma data, pola Traballadora Social do Concello déuselle cumprimento ás medidas establecidas no Protocolo conxunto establecido pola Consellería de Política Social e da Consellería de Sanidade **en cuanto ás recomendacións establecidas para o persoal do servizo de Axuda no Fogar**; e expúxose ao público, no tablón de edictos do Concello, a información relativa ás medidas de carácter xeral a adoptar en relación coa protección do coronavirus (Teléfono de información para os cidadanos: 900.400.116, síntomas mais comúns, medidas de protección: Lavado de mans, etc.).

2º.- Declarada polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 13 de marzo de 2020, a **situación de emerxencia sanitaria de interés galego**, mediante Resolución do 13 de marzo de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no D.O.G. de 13 de marzo de 2020 dáselle publicidade ao Acordo do Consello da Xunta declarando a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma Galega; e como medida adicional, tendo en conta a evolución da situación, dispúxose a suspensión da actividade, durante 14 días naturais dende a publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia, dos establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas incluídas no Anexo do Decreto 124/2019 de 5 de setembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos abertos ao público na Comunidade Autónoma; que no que afecta a este municipio supuxo a suspensión de actividades nos seguintes establecementos: Pavillón deportivo, restaurantes, cafeterías e bares, se ben coa posibilidade de prestación polos establecementos de restauración, cafetería dos servizos exclusivamente de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local; suspendéndose igualmente e polo mesmo prazo a actividade comercial retalista en todo o territorio da Comunidade Autónoma, a excepción dos establecementos comerciais retalistas de alimentación e produtos e bens de primeira necesidade.

3º.- Publicado o 14 de marzo de 2020 o R.D. 463/2020 polo que se declarou o **estado de alarma** para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais; e de conformidade coas instrucións da FEGAMP aos concellos galegos, **adóptanse as seguintes medidas:**



AYUNTAMIENTO
DE
CARBALLEDA DE VALDEORRAS
(OURENSE)

BANDO

Núm.

A).- Atención ao público na Casa Consistorial

Co fin de evitar posibles contaxios, prérgase aos cidadáns que se absteñan, salvo urxencia xustificada, de acudir persoalmente ás oficinas municipais sitas na Casa do Concello - Crta. de Éntoma, 54 - Sobradelo; e que para a realización de calquera trámite, incluído a xestión de servizos sociais, será necesaria a comunicación previa ao Concello mediante chamada telefónica aos números 988 33 50 02 - 988 33 51 84 en horario de atención ao público de 9 a 14:30 horas, ou de forma telemática a través da dirección de correo electrónico administracion@concellocarballedavaldeorras.com ou da sede electrónica do Concello concellocarballedavaldeorras.com

A atención ao público nas oficinas municipais, nos casos de que non se dispuxese de medios telemáticos e para os supostos de urxencia, realizarase presencialmente mediante previa petición de cita telefónica en horarios de 9 a 14:30 horas, chamando aos teléfonos 988 33 50 02 - 988 33 51 84.

B).- Medidas de carácter xeral

Recórdase que se algún veciño/a precisa información sobre o coronavirus pode facelo chamando ao teléfono gratuito: 900.400.116, así como o cumprimento das medidas recomendadas:

- Evitar o estreitamento de mans nos saúdos.
- Lavar as mans con frecuencia.
- Evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca.
- Control da tose: En caso de tose, tusir sobre pano, cóbado ou manga.
- Evitar o contacto próximo con outras persoas.
- Non acudir directamente ao Hospital ou Centro de Saúde en caso de ter síntomas (febre, tose, sensación de falta de aire), se non contactar telefonicamente co 061.
- Se algún veciño/a precisase alimentos de primeira necesidade pode chamar aos teléfonos deste Concello 988 33 50 02 e 988 33 51 84 en horario de 9 a 14:30 horas, a fin de procurar a forma de atender a necesidade planteada.

Sobradelo - Carballada de Valdeorras, a 16 de marzo de 2020

A ALCALDESA

Asdo.: M^a Carmen Glez. Quintela